



## **ORDENANZA REGULADORA DOS VELORIOS MUNICIPAIS.**

### **Artigo 1.**

É obxecto desta ordenanza a regulación do uso dos velorios municipais de Castrelo do Val.

### **Artigo 2.**

O velorio municipal é unha instalación de titularidade municipal destinada a prestar o servizo funerario de depósito e vela de cadáveres que lle é propio, tanto no suposto de que a posterior inhumación se realice nos cemiterios das poboacións do concello como se este ten lugar noutro termo municipal. O servizo de velorio é competencia municipal en virtude do sinalado no artigo 25.2 j) da Lei 7/1985.

### **Artigo 3.**

A explotación do dito servizo realizaráse a través da xestión directa conforme ao disposto na lexislación de réxime local.

### **Artigo 4.**

O servizo público de velorio ten por obxecto fundamental facilitar aos familiares e achegados dos defuntos unas condicións dignas para o depósito e vela dos cadáveres nas debidas condicións hixiénico-sanitarias. O dito servizo poderá ser utilizado polos veciños das poboacións onde están situados así como para os doutras localidades.

### **Artigo 5.**

Os velorios prestarán servizo todos os días do ano e as vinte e catro horas do día. O horario de apertura ao público será exposto nun lugar visible e, inicialmente, establécese entre as 9:00 e as 22:00 horas. O dito servizo terá unha duración igual ou inferior a corenta e oito horas.

### **Artigo 6.**

O concello entregará a chave do velorio correspondente ás funerarias e aos particulares que soliciten o dito servizo, dentro de seu horario de apertura ao público, de 9:00 a 22:00 horas. O Concello encargaráse do acendido de luz, auga, ventilación e calquera outra subministración.

### **Artigo 7.**

Será obrigatorio o uso do velorio sempre que así veña disposto polas autoridades sanitarias ou veá establecido en disposicións legais.

O Concello non asumirá a obrigaón de prestar servizos de traslados de cadáveres nin está obrigado á preparación destes.

Todas estas actuacións realizaránse por empresas do sector.

### **Artigo 8.**

Os solicitantes serán responsables da correcta utilización das instalación así como da limpeza dos velorios.



### **Artigo 9.**

O Concello deberá levar un libro rexistro de servizos por cada velorio, no que se anoten todos os servizos prestados, hora de inicio e fin do servizo e data, e identificación do defunto e do solicitante do servizo.

### **Artigo 10.**

As cotas de utilización do servizo serán:

- a) Para os usuarios que nos dispoñan de seguro de defunción, o importe a aboar ascenderá á cantidade de 100,00€.
- b) Para os usuarios que dispoñan de seguro de defunción, o importe a aboar ascenderá á cantidade de 150,00€.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.